



Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, e a Asociación de Artesáns e Comerciantes de Ourives de Compostela para a continuidade dun sistema de ensinanzas artísticas superiores de Deseño de Produto con carácter dual polo réxime de bolsas e de contrato para a formación en alternancia

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

12/04/2024

REUNIDOS

Dunha parte, D. Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta de Galicia e da súa presidencia, modificada pola Lei 12/2007, do 27 de xullo, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 60/2022, do 15 de maio (DOG núm. 94, do luns 16 de maio), e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (DOG núm. 126, do luns 4 de xullo).

E doutra, Don Enrique-Guillermo Fink Fernández, con DNI 33276479X, actuando na súa condición de Presidente da Asociación de Artesáns e Comerciantes "Ourives de Compostela", con CIF G-15.222.268, número de inscrición 15/441 no SMAC de A Coruña da Xunta de Galicia e domicilio en Rúa dos Feáns, n.º 5, baixo, Santiago de Compostela; como representante legal desta.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e, no exercicio das facultades que, para convir, en nome das entidades que representan, teñen conferidas,

EXPOÑEN

1º. Que a *Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación*, determina no artigo 45.1 que as ensinanzas artísticas teñen como finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música, a danza, a arte dramática, as artes plásticas e o deseño.

2º. Que a formación dual do sistema educativo español é o conxunto de accións e iniciativas formativas que, en corresponsabilidade coas empresas, teñen por obxecto a cualificación profesional das persoas, harmonizando os procesos de ensino e aprendizaxe entre os centros educativos e os centros de traballo.

3º. Que a colaboración das empresas se desenvolverá, entre outros ámbitos, mediante a súa participación na formación do alumnado nos centros de traballo, favorecendo a realización de prácticas profesionais dos alumnos e das alumnas nas empresas e noutras entidades, e deberán establecerse os mecanismos axeitados para que a formación que reciba financiamento público poida ofrecerse por centros ou directamente polas empresas, mediante concertos, convenios, subvencións ou outros procedementos.

4º. Que a Asociación de Artesáns e Comerciantes de Ourives de Compostela está disposta a participar no proxecto de continuación da implantación, con carácter dual en Galicia, do itinerario Xoiaría e complementos da especialidade Produto das ensinanzas artísticas superiores de Deseño. Este itinerario establécese polo Decreto 41/2023, do 20 de abril, polo que se modifica o Decreto 172/2015, do 29 de outubro, polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Deseño na Comunidade Autónoma de Galicia.

O alumnado participante que sexa beneficiario de bolsas, non terá en ningún caso vinculación laboral coa empresa e non poderá establecerse entre esta e aquel ningunha relación contractual, nin sequera baixo as modalidades de contrato en prácticas ou para a formación e a aprendizaxe, previsto no artigo 11 do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, polo que o alumnado acollido a este réxime de bolsas queda absolutamente excluído da lexislación laboral.

5º. Que o obxecto do presente convenio é establecer as condicións de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e o COXGA para a continuación dun proxecto experimental con carácter dual en Galicia, do itinerario Xoiaría e complementos da especialidade Produto das ensinanzas artísticas superiores de Deseño na Comunidade Autónoma de Galicia, que combinará os procesos de ensino e aprendizaxe nas instalacións das empresas e na Escola de Arte e Superior de Deseño Mestre Mateo de Santiago de Compostela.

En consecuencia, as partes acordan subscribir este convenio, con base nas seguintes,

CLAÚSULAS

Primeira. O proxecto de carácter dual deste convenio, que é de carácter experimental, ten as seguintes características:

a. Este proxecto toma como referencia o plan de estudos establecido polo Decreto 41/2023, do 20 de abril, polo que se modifica o Decreto 172/2015, do 29 de outubro, polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Deseño na Comunidade Autónoma de Galicia.

b. Terá como duración desde o 1 de setembro de 2024 ata o 31 de agosto de 2028.

c. A formación impartirase de xeito compartido entre o centro educativo e empresas da Asociación de Artesáns e Comerciantes de Ourives de Compostela asinante, garantindo a adquisición das competencias establecidos no plan de estudos correspondente e a obtención do título de grao en Ensinanzas Artísticas Superiores de Deseño, itinerario Xoiaría e Complementos (XC).

Segunda. As concrecións deste proxecto experimental no itinerario Xoiaría e complementos impartirase con carácter dual e suporá a formación compartida centro-empresa a partir do 3º curso. A distribución da formación curricular do itinerario e temporalización das disciplinas están recollidas no anexo deste convenio.

Terceira. A Asociación de Artesáns e Comerciantes de Ourives de Compostela asinante comprométese a que as súas empresas asociadas acollerán nas súas instalacións un mínimo de 6 estudantes, para este proxecto experimental de ensinanzas artísticas superiores de deseño con carácter dual. Este alumnado deberá cumprir os requisitos de admisión establecidos pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

A Asociación de Artesáns e Comerciantes de Ourives de Compostela asinante colaborará coa Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades na selección do alumnado solicitante que cumpra os requisitos de admisión. Para tal fin, poderán realizarse entrevistas psicoprofesionais que permitan identificar a idoneidade dos/das candidatos/as en relación co perfil profesional que adquirirá o alumnado na empresa ao longo do proxecto. A Asociación de Artesáns e Comerciantes de Ourives de Compostela comunicará ao alumnado os criterios e os procedementos utilizados na selección con anterioridade á súa realización.

Estas actuacións serán realizadas por persoas designadas pola Asociación de Artesáns e Comerciantes de Ourives de Compostela, xunto cunha persoa representante do centro educativo, de xeito que a selección garanta cubrir o número mínimo de prazas que a Asociación de Artesáns e Comerciantes de Ourives de Compostela se compromete a acoller nas empresas que ten asociadas

Cuarta. A Asociación de Artesáns e Comerciantes de Ourives de Compostela asinante comprométese a que cada empresa financie o proxecto de formación regulado neste convenio, mediante o establecemento dun sistema de bolsas ou de contrato para a formación en alternancia dirixido ao alumnado participante.

Estes réximes estarán suxeito ás seguintes especificidades:

a. A empresa asinante achegará a cada alumno ou alumna, en períodos mensuais con carácter irrevogable, unha bolsa por importe mínimo da metade da contía do SMI vixente no ano correspondente para a formación en alternancia, durante os meses nos que a actividade formativa e profesionalizadora se realice integramente na empresa. Tomando como referencia este importe, o resto dos meses o importe calcularase de xeito proporcional ao tempo que o alumno ou alumna dedique á actividade profesionalizadora na empresa.

b. A empresa asinante poderá transformar a bolsa en contrato para a formación en alternancia, regulado no Real decreto lei 32/2021, do 28 de decembro.

c. A localización xeográfica destas instalacións e o lugar de realización da formación na empresa comunicaránselle a cada alumno ou alumna durante o segundo curso das ensinanzas artísticas superiores cursadas.

d. Os alumnos e as alumnas participantes no proxecto de formación obxecto deste convenio serán incorporados ao réxime xeral da Seguridade Social, nos termos e nas condicións establecidos no Real decreto 1493/2011, de 24 de outubro. A conseguinte afiliación e/ou alta, así como a baixa no devandito réxime, produciranse a partir da data de inicio e na de cesamento do programa de formación, nos termos, nos prazos e cos efectos establecidos no regulamento xeral sobre inscrición de empresas e afiliación, altas, baixas e variacións de datos de traballadores na Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 84/1996, do 26 de xaneiro.

e. Para a efectividade do réxime de bolsas, a empresa colaboradora e as persoas bolseiras deberán cumprir sempre os requisitos establecidos na normativa que regula os proxectos de formación profesional dual e neste convenio.

Quinta. Con posterioridade á sinatura deste convenio, a Asociación de Artesáns e Comerciantes de Ourives de Compostela adquire o compromiso de que os colexiados asinen unha addenda ao presente convenio, no que figuren cada empresa en relación con cada alumno seleccionado, atendendo ao perfil profesional de cada alumno/a e ás características da empresa.

Sexta. O alumnado adquirirá formación na Escola de Arte e Superior de Deseño Mestre Mateo de Santiago de Compostela segundo a temporalización recollida no anexo deste convenio e no horario lectivo que se estableza.

Sétima. A estadía do alumnado na empresa axustarase á temporalización recollida no anexo deste convenio. Durante o período formativo na empresa, o horario da actividade formativa e profesionalizadora deberá desenvolverse dentro do marco temporal do horario laboral da empresa, reservándose unha mañá ou unha tarde cada quincena para a recepción do alumnado no centro educativo por parte do titor ou da titora, na que se realizarán actividades de seguimento, asesoramento e apoio.

Oitava. O alumnado deste proxecto disporá dun mínimo de trinta días naturais de vacacións por curso. Para estes efectos computaranse, por unha parte, as vacacións escolares, establecidas para cada curso no correspondente calendario escolar, das que o alumnado se beneficie durante a súa estadía no centro educativo, e, por outra parte, os días restantes ata completar cando menos o mínimo establecido, que determinará a empresa no período de estadía do alumnado na empresa.

Novena. A actividade formativa na empresa e no centro educativo coordinarase mediante reunións mensuais de control nas que se fará seguimento do alumnado.

A empresa asinante nomeará unha persoa como titor ou titora do estudantes, que será responsable do seguimento da actividade formativa, da coordinación da actividade profesionalizadora coa actividade formativa e da comunicación co centro de formación.

Asemade, o centro educativo designará un docente, como titor ou titora responsable da programación e do seguimento da formación, así como da coordinación da avaliación co profesorado e/ou os titores e as titoras que interveñen. Así mesmo, esta persoa será a interlocutora coa empresa para o desenvolvemento do proxecto.

Décima. Establecerase unha comisión de seguimento, control e supervisión, que se reunirá cando o considere oportuno calquera das partes asinantes. Esta comisión estará constituída polos seguintes membros:

En representación da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades:

- A persoa titular da Subdirección Xeral de Aprendizaxe Permanente, Ensinanzas Artísticas, Idiomas e Deportivas ou persoa en quen delegue.
- A persoa titular da Escola de Arte e Superior de Deseño Mestre Mateo.
- O profesor titor ou a profesora titora do centro educativo.
- Unha persoa representante da Asociación de Artesáns e Comerciantes de Ourives de Compostela .



- Un funcionario ou unha funcionaria da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades actuará como secretario ou secretaria.

Décimo primeira. O convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata a finalización do proxecto.

Décimo segunda. Este convenio extinguirase pola finalización do tempo convido e poderase resolver por calquera das partes, mediante denuncia dalgunha delas, que se lle deberá comunicar á/s outra/s cunha antelación mínima de quince días, baseada nalgunha das seguintes causas:

- a. Cesamento das actividades do centro docente ou da empresa.
- b. Forza maior que imposibilite o desenvolvemento das actividades programadas.
- c. Incumprimento das cláusulas establecidas neste convenio.
- d. Mutuo acordo entre as partes asinantes.
- e. Transcurso do prazo de vixencia sen acordarse a súa prórroga.
- f. Por decisión xudicial que declare a nulidade do convenio.

Décimo terceira. A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso da persoa interesada á Administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Décimo cuarta. Este convenio de colaboración posúe carácter administrativo por razón do contido e das materias sobre as que versa, as cales, ao abeiro do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, o exclúen do seu ámbito de aplicación, sen prexuízo da aplicación dos principios desta lei para resolver as lagoas ou dúbidas que a súa aplicación suscite, tal e como indica o seu artigo 4.

Décimo quinta. Ambas as partes comprométense a cumprir as obrigas que se derivan da normativa en protección de datos que se desprende da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, ditada para

adaptar a lexislación española ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos). Os datos persoais das persoas físicas asinantes do convenio serán tratados polas partes asinantes unicamente para a formalización e o desenvolvemento adecuados deste, e con base no disposto no artigo 6.1 b) do RXPd.

Décimo sexta. Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas e, polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración, e os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia Notifica.gal, (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, a persoa interesada deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica).

Así mesmo, a persoa interesada pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Lido este convenio, atópano conforme e asínano.

O conselleiro de Cultura, Educación,
Formación Profesional e Universidades

O presidente da Asociación de Artesáns e
Comerciantes de Ourives de Compostela

Asdo.: Román Rodríguez González

Asdo.: Enrique-Guillermo Fink Fernández



ANEXO I

1.1 Identificación

Convenio entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Asociación de Artesáns e Comerciantes de Ourives de Compostela para a continuación da implantación dun sistema de Ensinanzas Artísticas Superiores de Deseño de Produto con carácter dual polo réxime de bolsas ou de contrato para a formación en alternancia.

1.2 Distribución de postos de formación

Empresa	N.º de prazas
Colexio Oficial de Xoiaría de Galicia	6

1.3 Distribución do plan de estudos do itinerario Xoiaría e complementos da especialidade Produto das ensinanzas artísticas superiores de Deseño.

Duración do proxecto		Curso 2026-27	Curso 2027-28
Estancia	Centro educativo	24 semanas (set.-xan.)	14 semanas (set. - xan.)
	Empresa	14 semanas (marz.-xuño.)	24 semanas (set. - xan.)
Total		76 semanas	

1.4 Temporalización

1.4.1 Curso 2026-2027

Planificación

Curso 2026-27												
set.	out.	nov.	dec.	xan.	feb.	mar.	abr.	maio	xuño	xullo	ago.	set.
	Formación no centro educativo						Actividade profesionalizadora / formación en empresa					

Organización das disciplinas

Disciplina	Horas de clase / curso	Créditos ECTS
Técnicas de Producción II	252	10
Procesos de Deseño de Xoiaría e Complementos II	360	18
TOTAL	612	28



1.4.2 Curso 2027-2028

Planificación

Curso 2027-28												
set.	out.	nov.	dec.	xan.	feb.	mar.	abr.	maio	xuño	xullo	ago.	set.
	Formación no centro educativo			Actividade profesionalizadora / formación en empresa								

Organización das disciplinas

Disciplina	Horas de clase / curso	Créditos ECTS
Procesos de Deseño de Xoiaría e Complementos III	144	12
Técnicas de Producción III	72	6
Traballo de Fin de Estudos	72	18
Prácticas Externas	---	12
TOTAL	288	48